



CAMPIONATO GALEGO DE ORIENTACIÓN

DISTANCIA CLÁSICA

O vindeiro sábado día **19 de xuño**, celebraráse no Monte da Valga (STA. MARÍA DE OIA) o **Campionato Galego de Orientación a Pé** - distancia clásica- que ademáis puntuará como 6ª proba da XIX Liga Galega de Orientación a Pé.

Organiza:

MONTAÑEIROS-A ROELO

Director: JAVI ALVELO

Trazador: MANU FARIÑA

Técnico SportIdent: NACHO FELGUEROSO

Mapa: STA. Mª DE OIA- nº rexistro FEDO: PO-673-04

Escalas: 1/7.500 ; 1/10.000 e 1/15.000 según percorridos

Equidistancia: 5m

É o mesmo mapa no que se celebrou a proba da liga 2009, revisado a principios de 2010 por Angel A. Serto e actualizado en maio por Manu Fariña para este campionato.

Terreo:

- Zona situada a unha media de 425 m. de altitude, atravesada por diversos sendeiros, camiños e pistas que favorecen a orientación.

- Na zona mestúranse partes ocupadas por foresta (a maioría piñeiros) con outras totalmente abertas, sen que a vexetación rasteira dificulte a progresión rápida ou impida a carreira en liña recta.
- Relevo moi suave na zona central do mapa, algo máis escarpado nos extremos norte, oeste e sur.
- Atópanse zonas rochosas concentradas de fácil progresión, sendo característico de toda a área a existencia de rochas illadas facilmente identificables.
- Os cursos de auga son regatos que en caso de fortes choivas anegan as chairas.
- No "Google Earth" pódense ver fotos da zona para os que non a coñecen.

Hora inicio:

09,30 H. Apertura da recepción (entrega de documentación e alquiler de tarxetas SI)

10,30 H. saída dos primeiros corredores

10,45 H. Peche da recepción

14,00 H. Entrega de premios

Zona concentración: O lugar de concentración é o mesmo da tempada 2009: Curro do Monte da Valga (coordenadas: 41°59'31" N - 8°51'22" O).

Sinalización: Dende o final da Autoestrada Vigo-Baiona (AG-57) e dende a estrada Baiona-A Guarda (C-550) (PO-552): Na vila de Oia coller o desvío dirección TORROÑA-MABIA. Na área de lecer coller dirección MABIA. A 350m. apróx. coller pista forestal á dereita. A 350m. apróx. ZONA DE CONCENTRACIÓN.

Inscripcións: Ata as 22,00H. do mércores 16 de xuño.

CLUBES:

- Obrigatorio empregar os formularios oficiais da AGACO.
- Licenzas día, formato FEDO.
- **Agradeceríamos** que coas inscricións enviádes un teléfono de contacto para poder solucionar as posibles incidencias coa maior rapidez.

- Envía-las inscricións a: aroelo@hotmail.com xunto co xustificante do ingreso correspondente na conta nº 2080 0403 54 0040118707 de Caixanova. **iiollo, non é a de sempre!!**
- No concepto do ingreso poñer: **Inscrición Oia** (máis o nome do club)
- Aqueles clubs que precisen **factura**, non esquezan enviar os seus **datos fiscais** xunto coas inscricións.

NON FEDERADOS INDEPENDENTES:

Enviar a aroelo@hotmail.com:

- Nome e apelidos
- DNI
- Percorrido (Iniciación ou Oficial[2,4,5,6 ou 7])
- Data de nacemento
- Teléfono de contacto
- Xustificante de ingreso da cota correspondente na conta de Caixanova 2080 0403 54 0040118707 indicando nome do participante. **iiollo, non é a de sempre!!**

Sistema de Control:

- **Categorías oficiais con tarxeta Sportident.** Quen precise alquila-la deberá comunica-lo no momento da inscrición. Prezo: 3€ + (32€ de fianza) que se pagarán en metálico no momento de recolle-la.
- **As categorías de iniciación** tamén contarán con sistema sportident. Para estas categorías será **optativo** o uso de tarxeta electrónica sportident ou pinza tradicional.

Prezos das inscricións:

- Federados : 3 €
- Iniciación Nenos, sen licenza federativa : 4 €
- Iniciación Maiores, sen licenza federativa : 5 €
- Percorrido Oficial (2,4,5,6 e 7) F.C., sen licenza federativa : 7 €
- Recargo por inscrición fora de prazo : 1€ (no caso de ser aceptada e só para federados)

Percorridos:

Para evitar a acumulación de categorías nun mesmo percorrido, e os conseguintes agrupamentos de corredores, dividéu-se o percorrido 5 en 5A e 5B.

IOLLO Á DISTRIBUCIÓN DE CATEGORÍAS!

PERCORRIDO	CATEGORÍAS	DISTANCIA	DESNIVEL	Nº CONTROIS
P 1	INIC. NENOS H-12, D-12	3200m	65m	8
P 2	H-14, D-14, 2 F.C.	3400m	75m	9
P 3	INIC. MAIORES	4400m	95m	10
P 4	H-16, D-16, D-45, 4 F.C.	5200m	145m	13
P 5A	D-20, D-21, D-35	6700m	195m	15
P 5B	H-20, H-21B, H-45, 5 F.C.	6300m	205m	17
P 6	H-35, H-21A, 6 F.C. D-ÉLITE	9100m	290m	19
P 7	H-ÉLITE, 7 F.C.	11000m	335m	25

No mapa estará impresa a descrición de controis

¡OLLO Ó CÓDIGO DA BALIZA!:

En algunhas zonas atópase unha alta concentración de balizas polo que os participantes deben extremar a comprobación do código destas antes de fichar.

Por outro lado, e sobre todo nos percorridos 6 e 7, hai moitos bucles, cruces e controles polos que se pasa máis dunha vez, esto fai doado trabucarse na orde dos controles.

Horas de saída: web AGACO <http://webagaco.iespana.es/es/principal.html>, dende o venres 18 pola tarde.

OBSERVACIÓNS, NORMAS E RECOMENDACIÓNS:

- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa
- É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono, para que lle poida constar este feito á Organización
 - Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dun compás, ademais do mapa proporcionado pola Organización
 - É recomendable utilizar roupa cómoda que cubra todo o corpo. Non hai que esquecerse de levar outra muda

- É recomendable o uso de polainas
- A competición baséase no respecto:
 - Á natureza
 - Aos cultivos e propiedades privadas
 - Aos outros competidores
 - Ás indicacións do persoal da organización da proba
 - É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

ENTIDADES COLABORADORAS:



O NOSO ESPECIAL AGRADECIMENTO AO CONCELLO DE OIA, QUE CO SEU APOIO E PATROCINIO FAI POSIBLE QUE TODO-LOS AFICIONADOS Á ORIENTACIÓN PODAMOS DISFRUTAR DESTE EVENTO.

www.concellodeoia.es